

BASES PARA O SORTEO DUNHA ARMADURA ROMANA

1ª.-**ORGANIZACIÓN.**- A Asociación Cultural Cohors III Lucensium organiza unha rifa de UNHA ARMADURA ROMANA foto que figura nas rifas, coa finalidade de recaudar fondos para os numerosos actos que desenvolve ao longo do ano a Asociación.

2ª.-**ÁMBITO TERRITORIAL DA PROMOCIÓN.**- Será para toda a Comunidade Autónoma de Galicia.

3ª.-**PROMOCIÓN:**

- Período de venta das rifas.- Dende a autorización da venta ata o día 3 de xuño de 2018 día do sorteo.
- Número de rifas emitidas.- 10.000 rifas.
- Numeración.- Dende o 0000 ata o 9.999.
- Prezo de cada rifa.- 2 €

4ª.-**PREMIO.**- Unha armadura romana tuneada coas cores oficiais do C.D. Lugo (blanco e vermello). Aparece fotografiada en cada rifa.

5ª.-**SORTEO.**- Será o día 3 de xuño de 2018 ou cando se xogue o derradeiro partido como local , na Liga 2017 – 2018, o CD Lugo ante o Almería CF no estadio Anxo Carro ao remate do encontro e ante NOTARIO con unha soa papeleta gañadora que coincida exactamente co número agraciado, non habendo papeletas gañadoras suplentes.

6ª.-**COMUNICACIÓN AO GAÑADOR.**- O número da rifa gañadora será comunicada por megafonía no propio estadio e publicada nos medios de comunicación ao día seguinte do sorteo. O gañador dirixirase ao Presidente da Asociación presentando a rifa gañadora e procederase á entrega do premio nun acto público. Se o gañador é un menor de idade na entrega do premio debe ir acompañado do seu pai/nai ou titor legal.

7ª.-**ACEPTACIÓN DAS BASES.**- Os participantes, polo mero feito de participar na presente promoción, aceptan as bases e o criterio da AC Cohors III Lucensium en canto á resolución de calquera cuestión derivada da presente promoción. No caso de modificación das bases será comunicada á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior.

8ª.-OBRIGAS DO GAÑADOR OU PREMIADO.- O gañador da rifa non tendrá que afrontar ningún tipo de gastos derivados do premio.

O VOGAL DE CULTURA DA AC COHORS III LUCENSIUM